

Este curso comezamos na biblioteca con "León de biblioteca" e rematamos con outro León, León Felipe e un poema de seu.

Yo no sé muchas cosas, es verdad.
Digo tan sólo lo que he visto.
Y he visto:
que la cuna del hombre la mecen con cuentos,
que los gritos de angustia del hombre los ahogan con cuentos,
que el llanto del hombre lo taponan con cuentos,
que los huesos del hombre los entierran con cuentos,
y que el miedo del hombre...
ha inventado todos los cuentos.
Yo no sé muchas cosas, es verdad,
pero me han dormido con todos los cuentos...
y sé todos los cuentos.

León Felipe.

Pois xa sabedes moitos contos e máis poesía. Velaí unha escolma de libros para o verán.




A carreira de sacos

Texto: Silvia Pazos Hermida

Ilustracións: Rodrigo Chao

Col. Merliño Xerais

Unha mañá de agosto os animais do bosque decidiron facer una carreira de sacos. Apuntáronse a pulga, a cigarra, a ra, o coello branco e o llanguro. Entre gran expectación, comezou a competición e con ela las trampas



Linda á espreita

Texto: Alexander Steffensmeier

Xerais Edicións

Linda é unha vaca diferente ás demais. Cada mañá, mentres a muxían, a vaca Linda fitaba nerviosa e impaciente cara ao exterior da granxa. Porque había algo que a Linda lle gustaba máis ca nada no mundo. O seu maior pracer consistía en meterlle un susto ao carteiro e escorrentalo...



A pastelería de Dona Remedios

Agustín Fdez Paz

EDITORIAL : Rodeira (Edebé)

A pastelería de dona Remedios é a máis famosa de toda a cidade. Pero o último xoves de cada mes, na pastelería ocorren estraños sucesos que incluso fan pensar nas meigas.



999 hermanas ranas se mudan de charca.

Texto: Ken Kimura

Ilustracións Yasunari Murakami

Bárbara Fiore Editora


Na primavera , nunha pequena poza, naceron 999 cágados que creceron e creceron ata converterse en ras. A poza axiña lles queda pequena e teñen que partir en busca dunha máis grande.



Pequeño 1

Bárbara Fiore Editora Ann & Paul Rand

O pequeno 1 só desexa desprenderse da soidade e atopar o seu sitio entre os demais números que o rexeitan unha e outra vez por ser soamente 1.




Pimpín e dona Gata

Fina Casallerrey

Editorial SM

Pimpín é un paxariño inqueda ao que lle gusta gastar bromas. Por iso, cando queda só mentres seus pais lle van buscar comida, non pode evitar liscar do niño á busca de aventuras.

Atopa a dona Gata, preñada e maternal, e gástalle a broma de que lle ensine a voar pois el seica non sabe. Entón ocorre unha sorpresa que mesmo conmove ao bo de Pimpín.




ABCdario

Texto de Antonio Ventura e ilustracións de


Noemí Villamuza cun prólogo de Daniel Nesquens.

Nórdica Libros



Jorge Luján
Editorial Kalandraka


Versos que asocian cada cor a elementos da natureza, emocións e sensacións.



Ann & Paul Rand
Bárbara Fiore Editora

Sé que puedo cavar un hoyo espectacular y trepar a un árbol tan alto como el cielo para observar el vuelo de un pájaro.

Claro, rítmico e lúdico así é o texto de Ann Rand que anima aos máis pequenos a pensar sobre todo o que se pode chegar a aprender do mundo que os rodea.



Xaime e as landras
Tim Bowley.
Editorial Kalandraka

Un conto moi relacionado coa temática do Plan de Biblioteca do vindeiro curso.